

BEARIZ

Descubre a
maxia



ROTEIRO DE ALVITE:

- 1 Presentación
- 2 Tramo 1: De Alvite a Chancela
- 3 Tramo 2: Chancela e Lebozán
- 4 Tramo 3: Barcia e Muradás

ROTEIRO DE GARFIÁN:

- 5 Presentación
- 6 Tramo 1: Comezo do roteiro ata a Bouza
- 7 Tramo 2: De Ceo da Bouza á área recreativa de Barcia
- 8 Tramo 3: De Barcia a Garfián

ROTEIRO DE MAGROS:

- 9 Presentación
- 10 Tramo 1: Aldea de Magros
- 11 Tramo 2: Castro de Magros e Marcofán
- 12 Tramo 3: Minas de Marcofán e Beariz

ROTEIRO DE XIRAZGA:

- 13 Presentación
- 14 Tramo 1: Subida a Outeiro da Cruz
- 15 Tramo 2: Santo Domingo a Portela da Cruz
- 16 Tramo 3: Baixada ao río e Doade




Accede a Web do
Concello de Beariz
e descarga a túa
AUDIOGUÍA

www.beariz.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ROTEIRO DE ALVITE



PRESENTACIÓN

A ruta que se presenta lévanos a rodear un val por cuxo centro vai o regato coñecido como da Ponte Pedriña. Este regato desembocará no Avia, un caudaloso río destacable pola pesca, historia e riqueza natural. O Avia rega o Ribeiro, comarca Ourenzá famosa polos seus viños, e desembocará máis ao sur no Miño, o gran río vertebrador da orografía galega. Aínda que o regato é aquí pequeno, achega humidade suficiente para que aparezan ante nós importantes bosques de ribeira cunha fenomenal riqueza de flora e fauna.

Entre as rutas de sendeirismo no concello de Beariz destacamos que esta é case sempre baixo a sombra de árbores, facilitando así que o paseo sexa máis agradable. Só a parte alta do quilómetro 2 ao 4, na Chancela, presenta un arborado máis escaso aparecendo en troques a posibilidade así de disfrutar das vistas das aldeas e montes de case todo o concello. A parte profunda do val, sobre todo cara ao final do percorrido, irá amosando sempre gran fertilidade co dominio do Bidueiro, o Carballo e o Piñeiro. Setas, insectos, paxaros e mesmo mamíferos poderán ser divisados tamén no decurso da ruta.

Os 12,8 quilómetros pódense facer a pé, en bicicleta ou en todo terreo. No caso do todo terreo só se atoparían dificultades para transitar, case ao final, polo tramo dende a área recreativa de Barcia, que podería facerse por estrada como alternativa.



- Inicio
- Roteiro de Alvite
- Estrada
- Río
- Pistas incorporación
- Aldea
- Fraga
- Área recreativa
- Fonte
- Porco celta
- Muiño
- Mámoea
- Capela



ROTEIRO DE ALVITE

www.beariz.org



Alvite é unha aldea entre Lebozán e Muradás na que a frondosidade das carballeiras que a rodean e a rehabilitación dos últimos anos fan que sexa un lugar imprescindible a visitar. A Zapatería de Tío Ramiro é unha casa rural que ofrece tamén servizo de comidas, ideal como aloxamento de calidade, nun lugar tranquilo en plena natureza.

Propónse unha ruta de 12 quilómetros pero existe tamén un sendeiro alternativo que baixa entre carballos e flora típica de río ata a área recreativa de Barcía. Nesta aldea floreceron algunhas actividades artesanais e comerciais como se pode ver no nome dalgunhas das casas que recordan a actividade á que se dedicaron orixinariamente.

Alvite quedou nos anos 80, sorprendentemente, sen un só habitante a pesares da súa situación privilexiada pola súa boa comunicación, orientación ao sur e algunhas das terras máis fértiles do concello. Foi xa nos 90 cando se inaugura a casa de turismo rural na antiga zapatería, a de Ramiro Otero. Aos poucos anos máis casas foron restauradas ata que na actualidade pódese observar que boa parte da aldea é habitada de forma permanente ou ocasional.

Comézase o roteiro saíndo de Alvite subindo pola pista asfaltada á sombra dunha frondosa carballeira. O carballo foi sempre fundamental na economía doméstica ao achegar leña para o lume, material para a construción con trabes e táboas para o solo, material para os bocois e mesmo alimentación ao gando.

O carballo é a árbore sagrada por antonomasia para os galegos polo seu carácter purificador e a súa sombra proveitosa. Se agochan o ralo no seu seo, os carballos sanan aos doentes que pasan polas súas fendas, libran de doenzas contagiosas a quen as padece e posúen numerosas propiedades salúferas. Adoitan conservarse grandes exemplares en lugares de importante simboloxía como os lugares de celebracións e cruces de camiños.

Tras cruzar a estrada pronto atopamos, á esquerda, unha granxa de porco celta, que foi moi abundante en Galicia pero foise substituíndo polo porco convencional. Este estaba mellor adaptado ás pequenas cortes e alimentación con sobras como as farelas e todo tipo de restos vexetais. As farelas eran restos de fariña que, unha vez peneirada non se desfacián quedando en grumos así que non servían para facer o pan.

Pola contra, o Porco Celta críase ao aire libre entre Carballos, alimentándose en parte das landras que ofrecen principalmente en outono. Vive adaptado á cría ao aire libre porque é resistente e áxil, tendente a acumulación de graxa, polo que o movemento e tipo de alimentación que lle ofrece a carballeira mellora a calidade da súa carne. Pódense obter xamóns e embutidos de gran calidade e carne sabrosa.

Na súa aparencia externa o porco celta distínguese porque destacan unhas grandes orellas que caen sobre os ollos. A miúdo presentan grandes manchas escuras na pel. A cabeza é grande e alongada, cun tronco máis longo e alto conformando un animal máis áxil e alto que o porco convencional. Todo isto, axudado dunha alimentación seleccionada para cada etapa da vida do animal, dan como resultado un produto de gran calidade. Alimentados de forma natural, especialmente nos últimos meses do ano.

Para probar esta excelente carne celébrase, no mes de marzo, unha festa do porco celta en Beariz.

Ó lado dereito do camiño hai unha mámoa. Non é doada de ver ao estar cuberta.



DE ALVITE A CHANCELA

TRAMO 1

Deixando atrás as granxas chégase a Chancela, que é a zona máis elevada do noso percorrido. Esta zona está afastada das aldeas e non é moi fértil pero aproveitouse con grandes campos de centeo e outros cereais. Eran o que se denominaban estivadas: terras de cultivo gañadas ao monte nas que se alterna o seu uso con anos en barbeito para que recuperen a fertilidade. Nalgunhas épocas había que vir a diario para coidar das leiras de Millo, Centeo ou, o máis recente, Trigo e Pataca. Moitos habitantes das aldeas de Muradás e As Ventelas tiñan nesta zona alta, soleada e húmida parte da súa fonte de alimento.

Neste primeiro tramo vanse atopando sucesivamente mámoas en Alvite, e ao comezar a baixada aparecen as de A Chancela e a Bola. Ningún dos túmulos está escavado polo que a simple vista só se aprecia un montículo, aínda que agacha un enterramento con lousas verticais e unha gran lousa horizontal no feito. Servían principalmente para enterrar aos mortos cunha datación a partir do sexto milenio antes de cristo. Soen estar en lugares altos pero chans, cerca das canteiras de onde procedían as pedras utilizadas e sospéitase que tamén poden servir para marcar o territorio.

Xa se está aquí baixando e aos lados temos tres mámoas parcialmente cubertas de maleza, distínguense pola presenza de montículos regulares ao longo da baixada. Collemos un desvío á dereita e vólvese así a estar á sombra entre carballeiras ata unha pista de asfalto onde se pasará por unha finca con cabalos. A continuación chégase á aldea de Lebozán, que conta con fonte e bar.

Paga a pena visitar en Lebozán a pequena capela e algunhas das eiras que se conservan. A eira é un terreo chan, ben ventilado e soleado, rodeado de hórreos de diversos propietarios. Na eira sécase o cereal ao sol e bátese antes de metelo no hórreo que nesta zona constrúese con pedra e madeira mentres noutros lugares de Galicia son totalmente de Pedra.

Tras cruzar Lebozán chégase pronto a un río onde parar a descansar e refrescarse un intre. A partir de agora a pista irá discorrendo alternativamente entre carballos, piñeiros e bidueiros.

No momento en que a pista deixa de baixar xa estamos cruzando o fondo do val na parte norte, onde os bidueiros son a especie dominante. Son facilmente recoñecibles polas súas pequenas follas aserradas que se van estreitando ata rematar en punta. Os troncos son branquecinos e dereitos saíndo pequenas polas que conforman copas alongadas pero de forma regular, ovalada. A miúdo varios troncos saen dunha mesma base e nunca chegan a ser moi anchos.

O bidueiro ou bido é unha especie que crece preferentemente nas ribeiras ou zonas húmidas pero é difícil que presente a extensión e frondosidade que observamos aquí. A súa madeira tende a ser branda, fácil de traballar. A madeira utilizábase en carpintería e ebanistería, na fabricación de zocas e instrumentos de labranza. As follas son diuréticas e a sabia tense utilizado contra as infeccións renais e da vexiga e para disolver pedras renais.

Os bidos darán paso aos carballos. É unha árbore moi característica polas follas lobuladas, con irregularidades redondeadas e o tronco grisáceo. Normalmente crecen dereitos pero os máis vellos, que poden vivir ata mil anos, presentan nudos e irregularidades. As polas ofrecen leña para o inverno e se tes sorte e che sae dereito podes ter mesmo vigas para a construción. A súa gran resistencia á auga e putrefacción faíno ideal para a construción e tamén para os bocois e pipas do viño.



CHANCELA E LEBOZÁN

TRAMO 2

Barcía é unha área recreativa perfecta para descansar antes de comezar a parte final do percorrido que inclúe un par de pequenas pero empinadas subidas. Crúzase a pequena ponte de madeira para chegar a unha fonte con mesas e bancos de Pedra, fonte e espazos para asar. O lugar destaca pola presenza das árbores máis típicas da ribeira.


Distínguemos as árbores facilmente polas follas.

O salgueiro non ten follas dentadas e a medida que se fan grandes son máis alongadas, tres veces máis longas que anchas, e máis anchas cara o final rematando de forma redondeada ou cunha punta moi pouco afiada. A cortiza desta árbore é a base dun medicamento moi coñecido, un dos máis importantes da historia que é a aspirina.

O ameneiro ten unha folia moi característica porque é redondeada e dentada pero non remata en punta nin ten forma de corazón na parte baixa diferenciándose así da aveleira. Esta madeira tamén se usou moito para facer zocas e eixos dos carros e as follas son un bo remedio para os pés cansados.

Na zona tamén poderemos observar varios tipos de fentos e mesmo, con sorte, algún exemplar de liño bravo, memoria de cando este era un cultivo importante na zona. Ten follas lanceoladas, como se fosen xuncos, con tres nervos. A flor é dunha cor azul moi intensa de tres centímetros de diámetro e cinco pétalos. Xermola ós catro días de sementada e florece entre os meses de maio e xuño.

O camiño continúa subindo por medio da área recreativa para incorporarse á pista e deixala ao atopar a primeira curva á dereita onde seguimos pola esquerda. Este camiño sombrío conduce a outra pista e a estrada principal. Abandónase trala segunda casa á esquerda para continuar por unha carballeira: os carballos dan sombra ata chegar a Alvite por unha zona húmida e frondosa. Polo camiño atópanse variadas especies de prantas e árbores que poden ser setas e froitos en certas épocas.



BARCIA E MURADÁS

TRAMO 3